

O FORO

DAS IDEAS E DAS ARTES


5


AN
NOGA
TERRA

Manuel María, opera omnia

Revisión
dos cincuenta
anos de
poesía
do autor
chairego

MANUEL VEIGA





JONH VAN SCHILT

Polo seu caudal creativo, por contar con algúns títulos que se poden considerar xa clásicos, e pola súa incidencia popular (mesmo baixo forma musicada), a obra do poeta Manuel María foi merecente xa da análise de autores como Claudio Rodríguez Fer e, sobre todo, de Camilo Gómez

Torres, de quen *A Nosa Terra* publicará en breve un ensaio. A edición da poesía completa do autor chairego, por parte de Espiral Maior, fornécenos agora dun bo motivo para revisar un proxecto literario de forte personalidade que ademais foi testemuña da segunda metade do século XX galego.

Manuel María e o Deus das pequenas cousas

MANUEL VEIGA

Espiral Maior ven de publicar a *Opera Omnia* do poeta chairego Manuel María. E dicimos ven de publicar, aínda que os dous grosos volumes levan data do 2001, porque xulgamos que a aparición dunha obra completa poética desta magnitude non se pode medir polos períodos temporais de semanas ou meses, máis propia dun best-seller. A poesía leva tempo lela, relela e “anosala” como diría Cunqueiro. Atopá-

monos aquí, por outra parte, cunha edición rotunda, redonda, á altura dos clásicos das literaturas normalizadas, coa que Miguel Anxo Fernán-Vello celebrou ademais o décimo aniversario da súa editorial.

Trátase de dous volumes, o primeiro dos cales abrangue do 1950 ao 1979 e que consta de 25 libros, e o segundo que reúne 22 e que vai do ano 1980 ao 2000. Desde a súa saída á luz, a obra mereceu xa os seguintes

galardóns: Premio Irmandade do Libro ao mellor título editado no ano 2001, Premio da Crítica de Galicia 2002 e Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega, polo voto maioritario dos socios.

O primeiro que habería que dicir deste macrotexto, composto polos 47 libros iniciais, é que permite e esixe un modo novo de lectura da creación poética de Manuel María. Permíteo, en primeiro lugar, porque

moitos dos poemarios aquí cronoloxicamente ensarillados figuraban desde hai tempo ilocalizábeis e esixe porque, se ben o contexto é imprescindíbel para entender calquera obra literaria, tamén é verdade que os condicionantes históricos poden acabar embazando os criterios estritamente poéticos. Podemos apreciar agora, mellor ca nunca, as constantes do autor, diferenciar o que escribiu con intención transcendente

Rap de 1969

Versos para cantar en feiras e romaxes, editado en 1969, é un libro composto por poemas de intervención, reflexo dun período que desde a prosa do réxime se denominaba, con certo reduccionismo, “contestatario” e que Fole acumaba, ironicamente, como o “da protesta”. É o tempo, certamente, da canción de autor á que Manuel María contribuíría como letrista. (en *Remol* hai un poema dedicado a Raimon). Os poemas gozan de ritmo eficaz e de rima doada, de aí o de “para cantar en feiras e romaxes”, cun contido claramente sociolóxico que se nos mostra completo xa nunha primeira lectura. É ese anxeo urxente e titánico de cubrir tantos baleiros como hai, de describir realidades clamorosamente ignoradas polas institucións, pola prensa e pola litera-

tura oficiais, o que converte ao poeta en cronista. “Para ver marchar os emigrantes / (fanse case todos polo mar) / nos tempos de denantes / somentes se había que achegar / a un porto calisqueira: / había alí tantísimo xentío / que semellaba unha feira / de dor e de arrepiño”.


As referencias son case sempre xerais: os galegos, os emigrantes, a muller, o labrego: “Dille ao labrego da beleza / da campía, / da súa fermosura / e poesía. / Dirache que si, / que a beleza para ti. / Para o labrego é o traballo, / o andar tocado do carallo, / o pan mouro e o touciño”.

É a referencia rural (aínda que non seña a de todos os poemas) e certo prexuízo entre xéneros creativos, o único que nos impide ver as fortes semellanzas, tanto de construción como de finalidade, entre estas

estrofas e o que hoxe coñecemos como “rap” ou as letras comprometidas de certos grupos roqueiros. Velai algúns dos elementos comúns: rima forte, ironía, frase curta e intención crítica, mesmo provocadora.

Esta musicalidade retranqueira terá continuidade noutros libros, caso de *Cancións do lusco ao fusco*, publicado un ano despois. Vexamos seón un fragmento da “Canción da hora do vermú”: “Denantes de xantar, ao mediodía, / pódese ollar na cafetería, / no casino, no bar, no club / tomando o seu vermú / unha nena que se chama Lulti, / chea de saúde, / de finura e virtude, / na compañía de nenas que se chaman Bibí, / Lalá, Lelé, Lili, / todas / ás derradeiras modas, / ao derradeiro modo: / con minital, minicual e minitodo”.

O poema en defensa do



XURXO LOBATO / Arquivo

idioma, tamén deste libro, foi prohibido pola censura e publicado nunha edición francesa de poemas do autor. O célebre “Lingua proletaria do meu pobo / eu fáloa porque sí, porque me gusta, / porque me peta e quero e dame a gaña” de Celso Emilio ten así o seu paralelo nesta estrofa de Manuel María: “Hai que defender o idioma como se xa: / con rabia, con furor, a meirallazos. / Hai que defender a fala en loita rexa / con tanques, aviões e a puñetazos”. ♦

Dúas constantes: a crítica do falso lirismo e a reafirmación do eu persoal

Varios dos libros que veñen despois de *Os soños...* pertencen sen embargo a un tempo anterior. *Proba documental* é de 1968 e lembra os *Documentos persoais* de dez anos antes. Aí está a palabra “documentos”, é dicir, a persoal e a linguaxe xurídica.

Tres libros máis, *Versos para un país de minifundios* e *Versos para cantar en feiras e romaxes*, os dous de 1969, e *Remol* (1970) foron imprimados fora de Galiza e sufragados polos emigrantes. O esperar político e as presións do réxime están na raíz destas dificultades de edición. No primeiro deles volve arremeter contra a inspiración, como fixera, por exemplo en *Documentos persoais* (“Sen metafísica poética digo o meu mensaxe”). En concreto, nestes *Versos para un país de minifundios* podemos ler: “Non estou nun mundo de revelacións, / de deuses e de anxos, escoitando / o oráculo, agardando a inspiración / ou cultivando sentimentos luxosos / como unha flor de estufa”. En *Versos para cantar en feiras e romaxes* segue esa liña e comeza o libro cun poema que se titula “Epístola a un poeta lírico” e que na súa primeira estrofa di: “Ti, home puro e requintado, / lírico poeta en exercicio, / que, sen ningún beneficio, / estás das estrelas namorado”. Nove anos despois en *O libro das baladas* dedicará outro poema a cuestionar a “utilidade da poesía” e non son os únicos que inciden neste punto.

Encontrámonos polo tanto ante unha constante do autor: a crítica da metafísica, do falso lirismo, da fuxida da realidade, que conducen nalgún caso a un cuestionamento do propio labor poético, identificado momentaneamente como cursilería. Manuel María ten demasiada conciencia de si para fuxir. Non quizá por adaxe, outro tema común, outro poema recorrente, é o de presentación de si mesmo. En *Remol*, por exemplo, podemos ler a súa “Tarxeta de visita”, onde se presenta como poeta, igual que fixera en *Proba documental*, co poema “Fe de vida”, e en *Documentos persoais* con “Documento de identidade”.

O autor vese formando parte dunha cultura no lance de desaparecer, como os vales sulagados, ben por asimilación exterior, ben por suspensión da conciencia dos seus propios protagonistas, ou por ambas razóns ao tempo, unha cultura na que escribir un libro de poesía é pouca cousa como fórmula de resistencia. E así, Manuel María, sabedor diso, clama contra a desaparición do país, contra os que lle dan as costas á ameaza que el sinte de forma tan patente e, de camiño, síntese na necesidade de reafirmarse a si mesmo, por substantivación da súa voz persoal, como esixe a autonomía literaria, pero tamén por non desaparecer el propio baixo a maré da anulación. As súas tarxetas de visita, documentos de identidade ou fes de vida, fíguranse necesarios para cru-



PAULA BERGANTIÑOS

Manuel María coa súa muller, Saleta, inspiradora de non poucos dos seus poemas, na Finca Galea do Valadouro.

“Galaxia” é formidábel. “Monterrey presenta ben as cousas. En Vigo non sae “Alba”. “La Noche”, de Santiago, os sábados trae literatura. “Aturuxo” quere facer ruído sen ter noces. En América publicase algún libro. A lúa, o vento, estes meus soños. Lugo, entre murallas, frío e chumbo. Unha melancolía fonda aniña en min mentres fago estes versos. E cavilo que estou algo aparvado, que se non en vez de facer versos faría cartos.

En 1962 publica *Libro de pregos*, inspirado na morte dun irmán,

cuxo terceiro poema, dirixido ao Señor, remata: “¿Por qué nos deixas eternamente sos / nun cárcere de carne e máis de lama?” (nótese que non di “alma”). Un ano despois aparecerá *Mar maior* que recolle poemas dispersos e algúns anos máis tarde, en 1967, *Versos florecidos en lowanza de Foz*, o primeiro dos que dedicará ás vilas galegas.

En 1972 sae á luz *Os soños na gaiola*, libro definido polo propio Manuel María como “os versos que este humilde autor

botou de menos cando el era neno” e que inclúe algúns clásicos da literatura infantil galega, como “O Foguete”, “O Arado” ou “Labrego”. A calidade dalgúns dos seus poemas é indubidábel, ao que hai que engadir a boa acollida que tiveron ao seren musicados. Como ocorrera en *Terra Cha* o autor logra a mestría poética a través da sinxeleza, aínda que o feito de estar pensando na infancia rodea o libro dunha maior doxura e inocencia.



XURXO LOBATO / Arquivo

O período máis comprometido e optimista

Entre 1965 e 1980, aproximadamente, e en consonancia co ambiente social e político, Manuel María dá á luz unha poesía máis implicada coa sociedade e mesmo coa política. Pero o marco referencial, moi galego, desta etapa, na que abundan os poemas dedicados a case todos os iconos do nacionalismo, non xa prohibidos, senón mesmo esquecidos (caso dos Irmandiños), corre o risco de facer pasar desapercibido o feito de que, no ermo cultural da época, Manuel María infiltra múltiples referencias e sensibilidades externas, que se movían libremente noutros países, caso da obreira, a feminista (“É criminal no tempo que coremos, / comparar a muller e máis a flor”), a da ameaza atómica ou a guevariana, as tres últimas incluídas en *Remol*, libro escrito entre 1963 e 1968, aínda que publicado en 1970.

Parecidas concomitancias co que se estaba facendo fóra poderían atribuírsele a un poema considerado definitorio das características do nacionalismo daquel tempo, como é o célebre “Acuso á clase media”. Porque, se as ideas nel reflectidas casan moi ben coa mensaxe anticolonial que abrolla en Galiza, tamén o fan coas críticas á pequena burguesía do maioisimo *seventaeoitista* francés, coas ironías do uruguaio Benedetti sobre o “pequebú” que datan da mesma época e co radicalismo en xeral dunha parte significativa da intelectualidade mundial dese período, que en certa medida crítica o seu propio pasado e mesmo o que pronto, nalgúns casos, será tamén o seu futuro.

As semellanzas con obras ou actitudes externas ao sistema literario galego son perceptíbeis en moitas ocasións. A “Oda ao patrón”, por exemplo, do libro *Odes nun tempo de paz e de alegría* (1972), irónico desde o propio título, non pode menos que traer á memoria o “había una vez un lobo bueno / al que maltrataban todos los corderos” de José Agustín Goytisolo, escrito pola mesma época.

Parecido contido social e estilo, así como pegada da efervescencia política internacional (incluída a crítica da alienación, un-

ha das claves da esquerda intelectual da época), caracterizarán as dúas obras seguintes: *Aldraxe contra a xistra* e *Informe para axudar a alcender unha cerilla*, ambos de 1973. Tamén neste ano se edita *Laio e clamor pola Bretaña*, un canto, formado por un poema único, ás nacionalidades europeas oprimidas, singularizado nas terras do noroeste francés, e no que o autor se fai eco do célebre slogan habitual nas escolas públicas da Bretaña: “Prohibido cuspir e falar en bretón”.

Os libros que seguen ata 1980 conforman un cancionero das loitas deste período. Trátase de rimas de escarnio e maldicer, así como de enaltecemento das distintas ramificacións do movemento nacionalista que emerxe neses días e no que o autor se inclúe. O poeta, nunha actitude que conforma unha das súas características máis permanentes, escolle a modalidade expresiva en función dos seus obxectivos e así neste caso opta polo verso rápido e irónico, semellante ao dalgúns libros anteriores, como en *Cantos rodados para alleados e colonizados* (1976), alusión non sabemos se buscada aos Rolling Stones (*cantos rodados*, en inglés) e xogo co dobre significado da palabra “canto”.

En *Poemas para construír unha patria* (1977) esta vontade utilitaria confirmase. O optimismo que destilan contrasta coa obra anterior e posterior do autor. Hai un florecer das teses que Manuel María viña defendendo, un clima por primeira vez de simpatía para o galego e unha hipótese de cambio aínda por definir. Pero o rechamante é que esta implicación política non se concreta nunha métrica de poesía comprometida tradicional, senón nun estilo rupturista, de vangarda se queremos chamalo así, na liña do que practicaban simultaneamente autores ben máis novos, como era o caso dos que formaban o colectivo Rompente. Hai nalgúns poemas deste libro e nalgún outro deste período unha crítica á incoherencia dos daquelas denominados “progres”, realizada desde a ortodoxia militante. É como se Manuel María utilizase, en clave irónica, o rupturismo formal que practicaban os

autores relacionados con ese sector para facer burla do mimetismo e conservadorismo social, pero tamén do hippismo serodio de certa mocidade, o que loxicamente lle había de crear algún rexeitamento entre os aludidos de un e outro lado.

Esta ironía deixase ver de novo, non moito tempo despois, en 1982, cando o autor insire esta vangarda contracultural na súa *Escolma de poetas de Outeiro de Rei*, gracioso e logrado poemario no que se arreda a historia da nosa poesía e no que a propia inclusión dun poeta chamado A. Ron Año (alusión a A. Reixa, M. Romón e Alberte Avendaño, tres dos membros de Rompente) debe ser entendida como unha crítica, desta volta máis afectuosa, a unha actitude, pero tamén como asunción de que os seus protagonistas forman parte do mesmo sistema literario que o autor. En todo caso, este distanciamento non habería de limarse por completo ata ben entrados os noventa, cando Manuel María fai simbolicamente a presentación da poesía heterodoxa dun dos irmáns Pereiro. Este acontecemento xunto coa súa participación no libro de homenaxe *Poemas para unha loia* (alusión á revista Loia, promovida nos setenta por Lois e Xosé Manuel Pereiro, así como por outros escritores en cernes como Manuel Rivas) sanda a vella cicatriz existente entre ambas liñas literarias e entre ambas xeracións.

Deste mesmo período, *Poemas ao outono* (1977) e *O libro das baladas* (1978) mostran que en Manuel María case sempre hai compromiso en medio da paisaxe, pero tamén paisaxe e nostalgia en medio do compromiso. *As ruas do vento ceibe*, con data de 1979, pode ser considerado a versión urbana de *Os sonhos na gaiola*, pero quizá constituía, aínda máis, a representación infantil dun marco nacional, consonte coas arelas políticas do momento.

No derradeiro libro desta etapa, *Naventado de neutrós domesticados* (1979) o autor segue facendo uso da tranca, á que engade algúns trazos surrealistas, como no poema titulado “Plano descriptivo do país de Babia”. ♦

‘A autor vese formando parte dunha cultura no lance de desaparecer, como os vales asulagados’

zar o río do esquecemento, semellan os saltos que dá o naufrago botando a cabeza fóra da auga, nunha tentativa de non aogar co seu barco.

O amor e a estraña tribo

A división en dous volumes deste extenso corpo poético supón algo máis que un capricho editorial ou que a mera división física da obra. O libro *Poemas da labarada estremecida* (1981), co que comeza a segunda parte, representa a entrada do autor na madurez, metaforicamente no outono, xa apuntada catro anos antes en *Poemas do outono*. O autor rolda o medio século de idade, o que ven coincidir coa normalización do réxime democrático, desencanto incluído, por mor de todas as hipóteses que antes estaban abertas e que agora non se ven realizadas. Ambas inflexións, persoal e social, recúan o poeta á nostalgia nunca de todo abandonada, conforme o animan a unha profundización na poesía amorosa, en boa medida como baluarte de resistencia, cando as outras ilusións se esvaen: “Únicamente a firmeza, / a tenrura, / a nidia maravilla do noso amor, / sen lixos nin fisuras...”. Esta curva conceptual vese acompañada no estilo por unha maior coidado da forma e, en moitos casos, tamén por un maior clasicismo, tanto métrico como temático. Cada unha das tres partes de *Poemas da labarada...* comeza cun soneto, composición que tamén pon remate ao libro.

Un ano despois, coincidindo coa resaca do golpe de estado e coa subseguinte crise do nacionalismo, ven a luz os *Versos do lume e do vagalume*, impregnados de ferido pesimismo. Así podemos ler: “... os galegos, / estraña tribo incomprendible / feita de tebra, vento e cantaría” ou “¿Para quén, para qué, por qué / tantísima tenrura derramada...?” ou, por último: “Un, que é capaz de comprender / a fala das cousas, dos ventos / e os paxaros foi incapaz / de entender a moitos homes”. O resultado de tanta desazón culmina conformando un dos mellores libros do autor que, curiosamente, terá o seu contrapeso ese mesmo ano coa xa mencionada *Escolma de poetas de Outeiro de Rei*, libro paródico, de enorme frescura e –desde un ángulo oposto– tamén unha boa peza literaria.

En 1984 sae á luz o segundo

Manuel María nun dos primeiros 25 de Xullo celebrados na democracia.

O poeta na inauguración da Casa da Cultura de Foz que leva o seu nome.

PAULA BERGANTIÑO





O autor
con José
Saramago e
outros
amigos en
Santiago.

libro da serie que, de modo venturoso, irá dedicándolle a distintas vilas galegas. Neste caso trátase do *Cantigueiro de Orcellón*, terra máis ou menos coincidente co actual Carballiño e que se atopa nun territorio que no alto medioevo se denominara Castela, topónimo case perdido, pero que é anterior e máis extenso que a Castela de Burgos.

Este mesmo ano publica *A luz resucitada*, unha obra precedida por un verso de Fermín Bouza-Brey: "Se a seitura é cativa, foides moito o soñar", e na que o autor retorna de cheo ao minimalismo, aos pequenos lugares, obxectos artísticos ou domésticos e aos animais. Velá os poemas titulados: "A un reloxo de cuco que trouxen de Suíza", "A unha navalla que foi da miña avoa materna", "Pinga de orballo", "O viño", "A cantería" ou "Laverca". O título expresa quizá unha certa recuperación, tras a desilusión mostrada dous anos antes nos *Versos do lume e do vagalume*, pero sen que desapareza de todo o pesimismo. O último poema "Forasteiro" incide na constante de querer identificarse co lugar natal, coa tribo, na súa terminoloxía, e co país, pero fracasando máis unha vez. É de anotar a existencia do poema "Fe de vida", segundo do libro e de igual título e temática que o que abría *Proba documental*, publicado dezaseis anos antes e que xa citamos como exemplo dunha das constantes do autor, a de testemuñar a conciencia de si mesmo, confirmación da súa voz literaria singular, pero tamén póla ribeireña á que o autor se agarra para non ser arrastrado pola corrente social adversa.

En 1985 dá á luz *O camiño é unha nostalgia*, poemas de viaxes (de Lisboa a Grecia, pasando por Suíza) ou dedicados a unha terra ou país que reclama a súa atención, algúns de claro ton narrativo. Un ano despois publi-

‘A segunda parte da súa obra deixa a un lado os vangardismos e faise máis clásica e coidada’

ca *Oráculos para cabaliños do demo*, libro no que resalta, como xa fixera noutros anteriores, as figuras mitolóxicas do nacionalismo, do Monte Medulio a Roi Xordo, pero tamén mitos clásicos como Pompeia ou Florencia. Estes poemas exhiben unha das marcas do autor, sobre todo desta segunda etapa, a influencia da cultura xudeo-cristiá e o valor simbólico de Grecia e de Roma, interpretados desde un punto de vista ilustrado ou racionalista. Os xogos coas vangardas fican aquí abeirados.

Por fin, en 1986, o autor dá a coñecer o que para o noso gusto será o seu mellor libro, o de maior autenticidade e tamén dureza: *Ritual para unha tribu capital de concello*. Moitas das preocupacións que sempre o en-

volveron aparecen aquí máis definidas e expresadas con gran sinxeleza, o que contribúe a reforzar o impacto e a profundidade de cada poema.

Dous anos máis tarde, en *As lúcidas liúas do Outono*, o autor incide na nostalgia e nos pequenos temas como fonte de inspiración, tamén recorre ao clasicismo formal xa anunciado, a base de odas, elexías, églogas, sonetos e cancións, pero no que destaca o réquiem final de trece poemas dedicado á nai: "Semellábase ao toxo, á carqueixa / e á carpaza. Áspera por fóra, / coa tenrura aberta cara adentro, / poderosa e agresiva como o ouro / rabioso e incendiado das chori-reza: *Ritual para unha tribu capital de concello*. Moitas das preocupacións que sempre o en-


Do mesmo ano son os *Sone-*

tos ao Val de Quiroga, prologados polo quirogués e amigo, desde hai moitos anos emigrado a Euskadi, Xosé Estévez. Recordemos aquí algunha das tarefas mencionadas por Fole: "Tavernas do Tiberio e do Peniche; / café do Tito, escuro e familiar; / feiras de vender, mercar e pasear; romaría do vao: viño e boliche". Outras pezas resultan tamén suxestionadoras, como a dedicada ao lobo que remata así: "A noite quedou triste, orfa, calada: / non ten pavora nin medo alucinante / pois a noite, sen lobo, non é nada".

En 1990 sae do prelo o *Cancioneiro de Monforte de Lemos* e un ano máis tarde *Saturno*, poema de fasquía épica e remate infeliz, como corresponde ao motivo clásico. Quen devora os seus

Comparativa de dous poemarios sobre o mesmo tema

Ten interese comparar os poemas do *Ritual para unha tribu capital de concello* cos que se ofrecen en *Sonetos á casa de Hortas*, porque a través de ambos libros, centrados case nun mesmo tema, obsérvanse as dúas caras estilísticas da obra de Manuel María. No segundo a métrica é máis xusta, máis antiga. Tamén é máis descritivo, máis Trasalba, por así dicir. O *Ritual...* en cambio, resulta máis sincero, cru. Nel mestúranse os diferentes compoñentes da súa poesía: crítica social, nostalgia do pasado, amor á tribo, os misterios da vida a través das cousas miúdas, etc. Todo marcado por un ton de pesimismo lúcido e quizá por iso de maior perfección poética. ♦



XURXO LOBATO

Manuel María foi sempre un inesgotábel conferenciante e recitador de poemas. Poucos lugares da Galiza ficaron sen escoitar a súa voz nidia e profunda.

Os cinco mellores

A publicación desta poesía completa representa unha boa oportunidade para avaliar o conxunto da obra e establecer unha sorte de canón de referencia. Unha xerarquización imprescindible ademais se pensamos que o corpus total está formado por 47 poemarios, conxunto no que hai necesariamente altibaxos e reiteracións temáticas. O propio autor tense prestado, nalguna ocasión, a realizar el mesmo este labor de escolma, indicándonos os que, segundo el, serían os seus mellores títulos. A lista é a seguinte: *Terra Cha*, *Os soños na gaiola*, *Luz resucitada*, *Poemas da labarada estremecida*, *Laio e clamor pola Bretaña* e *Ritual para unha tribu capital de concello*.

A nosa opinión é en boa medida coincidente, aínda que con algúns matices. Así, pola nosa parte, escollería-

mos os seguintes: *Terra Cha* (na súa primeira versión, a de 1954), *Os soños na gaiola*, *Versos do lume e do vagalume*, *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* e *Ritual para unha tribu capital de concello*. Xulgamos que estes títulos reúnen e sintetizan as preocupacións principais do autor e que é neles onde estas inxenuidades se ven plasmadas dunha forma máis lograda, directa e profunda. Quizá a principal sorpresa da nosa selección radique na inclusión da *Escolma de poetas de Outeiro de Rei*. Debemos dicir como explicación que este libro, paródico da historia da poesía galega, segue a estratexia de construír literatura a partir da propia literatura, desde unha postura afectiva, pero tamén escéptica, semiburlesca, que conta con abundantes exemplos na narrativa occidental,

pero ben menos na poesía e supón unha excepcionalidade dentro do noso sistema literario. Trataríase nese sentido dun libro posmoderno, que mostra de paso a capacidade de Manuel María para asumir rexistros diferentes.

E se de entre eles, tivesemos que quedarnos con un, escolleríamos o último, o *Ritual para unha tribu...* Pensamos que se *Terra Cha* é a apertura de Manuel María á terra, o *Ritual*, escrito moitos anos despois, supón xa a súa comprensión e valoración. “Ámote Outeiro, como non ame a terra algunha” mostráanos o autor espido e tamén capaz de espir o que viu e o que ve. O *Ritual* reflexa en si, e para sempre, unha parte do noso país, rural, vilego, nun tempo determinado, quizá mellor e de xeito máis fondo que calquera posíbel ensaio antropológico ou histórico. ♦

‘O universalismo –afirma– non vén ser máis que o localismo aceptado pola xeneralidade’

cantiga é unha estrofa orixinal nosa, propia da lírica galaico-portuguesa. Temos tamén de sinalar o carácter fundamentalmente localista destes poemas. Toda a poesía é localista, individualista. O universalismo, en definitiva, non vén a ser máis que o localismo aceptado pola xeneralidade”.

A ese localismo recorre de novo nos *Poemas para dicirle a dúas lagoas* (1994) e en *O Miño canle de luz e néboa* (1996), colectánea de poemas iniciada en 1951 e libro, segundo o propio autor, “con toda seguridade afastado das modas estético-literarias imperantes nestes intre”.

Sonetos á Casa de Hortas (1997) é unha revisión da temática familiar, xa manifestada, en boa medida, en *Ritual para unha tribu capital de concello*.

Por fin, cincuenta anos despois de *Muiño de brétemas*, Manuel María ve publicado *Brétemas do muiño* (2000), un libro rematado en 1977, pero que non vira a luz no seu día ao encontrar, a editorial encargada da publicación naquel momento, algún “matiz partidista” na obra, en concreto os editores sinalaran como inconveniente, a lapis, a palabra “espiral” que o autor se negou a modificar.

Camiños de luz e sombra (tamén de 2000) pon o ramo ao labor poético do autor. A segunda parte da obra comeza co título: “Os carreiros da morte” e nela podemos ler este poema:

Ti, amada, ollas como vou morrendo
en anacos pequenos cada día
e nada podes facer para reterme
á beira túa feliz e confiada.
O teu amor, amiga, vai enchendo
o oco escuro da miña soledade.
Tamén ti
vas morrendo un anaco cada día,
sentindo
ese tempo fatal que leva á morte.
¡Nada podes facer por min
nin eu por ti!
¡Dáme a túa mao doce e sinxela!
¡Dáme sempre a túa mao, amiga miña!

Non se trata, sen embargo, dun poema de despedida escrito a mantenta, dado que o libro foi redactado en 1959, o que por contraposición mostra a pervivencia, no autor, de certas temáticas. ♦

Manuel María na rúa do Cardenal de Manforte, cidade na que residiu durante corenta anos.

fillos é Galiza, a “tribu suicida”, imaxe que se repite en moitos outros poemas. *Saturno* ten, polo demais, o interese de transparentar unha interpretación historicista do nacionalismo, artellada a través de cinco etapas: primeira, a inocencia do país; segunda, a fase de construción na que se desenvolven os grandes mitos; terceira, a colonización exterior; cuarta, a dos poetas e galeguistas que esclarecen a situación de dominación ante o pobo e quinta, a derrota, posto que a cidadanía non escoita os que buscan redimila. Esta visión milenarista e de certa idealización do fracaso resulta común aos poetas e aos autores nacionalistas de moitos pobos europeos en situación semellante, ao longo de todo o século XIX e boa parte do XX.

Compendio de orballos e incertezas (1991) é unha obra que desde o propio título fai honor a ese Deus menor ao que nos refe-

riamos ao principio deste artigo. Os encabezados son ben elocuentes: “Baladiña do asubío máis delgado”, “Fábulas para arrollar un recendo” ou “Rondó da canseira”. Ese ton menor, aínda que non menos poético, é tamén o que corresponde ao libro seguinte, *Panxoliñas* (1992), neste caso obrigado tamén polo motivo da obra. Como sucede con outros poemarios, os versos deste libro foron escritos en períodos diversos, moitos deles nos anos cincuenta e sesenta, e reunidos máis tarde ata dar lugar a esta composición. O autor do limiar, Afonso Blanco Torrado, define a Manuel María como o “escritor que mellor recolle a cultura total do noso pobo dende o seu universo de orixe que é a Terra Cha”.

No abalar do popular ao culto, *A primavera de Venus* (1993) representa o retorno ao clasicismo grego latino, tanto desde o punto de vista formal

como temático. Esa orientación, permanente no autor, pero máis firme a partir de 1980 e xa expresada, por exemplo, en *Oráculos para cabaliños do demo* de 1986, acadada aquí a súa confirmación. Ese mesmo ano ven a luz os *Poemas a Compostela*, que en realidade datan de 1952.


O libro seguinte, *Cantigas e Cantos de Pantón* (1994), conta cun limiar no que o autor define a obra e xustifica as súas características, unha explicación extensíbel a boa parte da súa creación. “O canto de *Cantigas e Cantos de Pantón* –afirma– non pode ser máis sinxelo. Trátase dunha manifestación de amor á terra, dita con paixón, naturalidade e verdade. Os metros empregados –cantiga, cántiga popular, romance– vellos e mesmo arcaicos, sintonizan, dun xeito perfecto co románico, tan rico, da bisbarra de Pantón e coa súa paisaxe humana e xeolóxica. A

Un vademecum do país

Manuel María toca todas as cordas estilísticas e todos os temas, de tal modo que a súa obra conforma unha sorte de vademecum do país. Pero no fondo, a motivación é sempre a mesma: o eu poético, a nostalgia, o misterio das pequenas cousas e a crítica, non á modernización, senón ao desenrolismo que rompe co pasado porque si, sen traer nada substancial a cambio.

Aínda hai algo en Manuel María desa primeira etapa da nación que lle toca (re)crear aos poetas (Yeats, Ponderal...), dese rexurimento que houbo e hai en todas as nacións

cando comezan a tomar conciencia da historia e a reclamar un futuro. O chairego desprende algo desa querencia pola “autenticidade” do pasado, próxima ao romanticismo literario. Para os que observan con distancia esta idea nacional, hai que dicir que poñela en cuestión, por inventada, equivale a dúbida de referencias tan absolutas, e igualmente tan matizábeis na experiencia, como a liberdade ou o progreso. Ao cabo, nación, liberalismo e progreso, naceron da man e contribuíron a crear unha conciencia conxunta. ♦



JONH VAN SCHILT